

ANEXO 1. CARACTERÍSTICAS DA SINALIZACIÓN

1. Lugares que deben ser sinalizados.

1.1. Lugares con prohibición total de fumar:

- Lugares ou espazos recollidos no artigo 7 da Lei 28/2005.
- Establecementos de hostalaría e restauración cunha superficie útil destinada a clientes e visitantes inferior a 100 m² nos que o titular decida NON permitir fumar no seu interior.

1.2. Lugares onde se prohíbe fumar, pero se permite habilitar zonas para fumar.

- Lugares ou espazos recollidos no artigo 8.1 da Lei 28/2005.

1.3. Lugares onde se permite fumar.

- Establecementos de hostalaría e restauración cunha superficie útil destinada a clientes ou visitantes inferior a 100 m² nos que o titular decida permitir fumar no seu interior.
- Habitacións en hoteis, hostais e similares, habilitadas para hóspedes fumadores.

1.4. Lugares de venda de produtos do tabaco.

- Rede de expendedurías de tabaco e timbre.
- Lugares que contén coa autorización administrativa oportuna outorgada polo Comisionado para o Mercado de Tabacos, para a venda de produtos do tabaco a través de máquina expendedora:
 - o Hoteis, hostais e establecementos análogos.
 - o Bares, restaurantes e demais establecementos de restauración pechados, cunha superficie útil destinada a clientes igual ou superior a 100 m².
 - o Salas de festa, establecementos de xogo ou de uso público en xeral.
 - o Quioscos de prensa sitos na vía pública ou no interior de locais, centros ou establecementos nos que non estea prohibido fumar.

1.5. Máquinas expendedoras de produtos do tabaco.

2. Colocación da sinalización.

Os carteis aos que se refire este anexo deberán colocarse nos lugares, espazos, centros ou dependencias recollidos no punto 1 deste anexo:

- **Nas entradas:** de forma que sexan claramente visibles dende o exterior do centro ou establecemento con independencia de que as portas de entrada se atopen abertas ou pechadas e a unha altura de entre 1,5 e 2 metros do chan.
- **No interior:** en lugares visibles e a razón de, como mínimo, un cartel por cada 30 m² de superficie útil.

3. Características mínimas da sinalización.

3.1. Lugares con prohibición total de fumar.

- **Tamaño:**
 - o DIN-A3 ou superior en:
 - Centros e dependencias das administracións públicas e entidades de Dereito público.
 - Centros sanitarios e docentes.
 - Instalacións deportivas.
 - Centros de atención social, culturais, e de ocio ou distracción.
 - Espazos do transporte suburbán (estacións, corredores, andéns, etc.).
 - Estacións de servizo.
 - Zonas comúns de centros comerciais, grandes superficies e galerías.
 - o DIN-A4 ou superior en:
 - Centros de traballo en xeral.
 - Locais de hostalaría e restauración.
 - Locais comerciais de superficie igual ou superior a 100 m².
 - o DIN-A5 ou superior nos locais comerciais de superficie inferior a 100 m².

- o DIN-A6 ou superior en:
 - Medios de transporte suburbán e interurbán
 - Espazos públicos de extensión inferior a 5 m².
- **Lenda:**
 - o Nas entradas: *Prohibido fumar.*
 - o No interior: *Prohibido fumar* ou *Espazo sen fume / espacio sin humo.*
- **Imaxe:** símbolo universal de prohibición cun cigarro aceso cruzado.
- **Mención da norma legal:** L. 28/2005 (BOE nº 309, 26/12/2005 e normativa que a desenvolva.

3.2. Lugares onde se prohíbe fumar pero se permite habilitar zonas para fumar.

3.2.1. Sinalización nas ENTRADAS:

- **Tamaño:** DIN-A4 ou superior se así o aconsella a súa superficie.
- **Lenda:** Prohibido fumar, agás nas zonas habilitadas / Prohibido fumar, excepto en las zonas habilitadas.
- **Imaxe:** Símbolo universal de prohibición cun cigarro aceso e símbolo universal de perigo cun cigarro aceso de menor tamaño e lixeiramente superposto.
- **Advertencia sanitaria.** a elección do titular do establecemento:
 - o *O fume de tabaco contén substancias químicas que causan cancro e outras enfermidades / El humo del tabaco contiene sustancias químicas que causan cáncer y otras enfermedades.*
 - o *Neste espazo hai substancias perigosas que causan, a calquera idade, cancro e outros riscos para a saúde / En este lugar hay sustancias peligrosas que causan, a cualquier edad, cáncer y otros riesgos para la salud.*
 - o *Fumar prexudica severamente a súa saúde e a das persoas que están ao seu redor / Fumar perjudica seriamente su salud y la de las personas que están a su alrededor.*

- o *Evite que os menores permanezan en lugares onde se fume / Evite que los menores permanezcan en lugares donde se fume.*
- **Mención da norma legal:** L. 28/2005 (BOE nº 309, 26/12/2005) e normativa que a desenvolva.

3.2.2. Sinalización das ZONAS onde se PROHIBE FUMAR:

- **Tamaño:** DIN-A4 ou superior se así o aconsella a súa superficie.
- **Lenda:** *Prohibido fumar* ou *Espazo sen fume / Espacio sin humo.*
- **Imaxe:** símbolo universal de prohibición cun cigarro aceso cruzado.
- **Mención da norma legal:** L. 28/2005 (BOE nº 309, 26/12/2005) e normativa que a desenvolva.

3.2.3. Sinalización das ZONAS habilitadas PARA FUMAR:

- **Tamaño:**
 - o DIN-A4 ou superior se así o aconsella a superficie do local.
 - o DIN-A3 ou superior en aeroportos, estacións de autobuses e de transporte marítimo e ferroviario.
- **Lenda:** *Zona para fumar. Prohibida a entrada a menores de 16 anos / Prohibida la entrada a menores de 16 años.*
- **Imaxe:** símbolo internacional de perigo ou precaución cun cigarro aceso.
- **Advertencia sanitaria. a elección do titular do establecemento:**
 - o *Neste espazo hai substancias perigosas que causan cancro e outros riscos para a saúde / En este lugar hay sustancias peligrosas que causan cáncer y otros riesgos para la salud.*
 - o *O fume de tabaco contén substancias químicas que causan, a calquera idade, cancro e outras enfermidades / El humo del tabaco contiene sustancias químicas que causan, a cualquier edad, cáncer y otras enfermedades.*

- o *Fumar prexudica severamente a súa saúde e a das persoas que están ao seu redor / Fumar perjudica seriamente su salud y la de las personas que están a su alrededor.*
- **Mención da norma legal:** L. 28/2005 (BOE nº 309, 26/12/2005) e normativa que a desenvolva.

3.3. Lugares onde se permita fumar.

- **Tamaño:** DIN-A4 ou superior.
- **Lenda:** Permítese fumar / Esta permitido fumar.
- **Imaxe:** símbolo internacional de perigo ou precaución cun cigarro aceso.
- **Advertencia sanitaria:** a elección do titular do establecemento:
 - o *Evite que os menores permanezan en lugares onde se fume / Evite que los menores permanezcan en lugares donde se fume.*
 - o *Neste espazo hai substancias perigosas que causan, a calquera idade, cancro e outros riscos para a saúde / En este lugar hay sustancias peligrosas que causan, a cualquier edad, cáncer y otros riesgos para la salud.*
 - o *O fume de tabaco contén substancias químicas que causan, a calquera idade, cancro e outras enfermidades / El humo del tabaco contiene sustancias químicas que causan, a cualquier edad, cáncer y otras enfermedades.*
 - o *Fumar prexudica severamente a súa saúde e a das persoas que están ao seu redor / Fumar perjudica seriamente su salud y la de las personas que están a su alrededor.*
- **Mención da norma legal:** L. 28/2005 (BOE nº 309, 26/XII/2005) e normativa que a desenvolva.

3.4. Lugares onde se venda tabaco.

- **Tamaño:** DIN-A4 ou superior cando así o aconselle a extensión do local.

- **Lenda:** Prohibida a venda de tabaco aos menores de 18 anos / Prohibida la venta de tabaco a los menores de 18 años.
- **Advertencia sanitaria:** a elección do titular do establecemento:
 - o *Fumar é causa de enfermidade e morte / Fumar es causa de enfermedad y muerte.*
 - o *Fumar prexudica a súa saúde e a das persoas que están ao seu redor / Fumar perjudica su salud y la de las personas que están a su alrededor.*
 - o *Deixar de fumar é beneficioso para a súa saúde e a dos que están ao seu redor / Dejar de fumar es beneficioso para su salud y la de los que están a su alrededor.*
- **Mención da norma legal:** L. 28/2005 (BOE nº 309, 26/12/2005) e normativa que a desenvolva.

3.5. Máquinas expendedoras.

- **Colocación:** na superficie frontal da máquina, nun lugar perfectamente visible.
- **Tamaño:** DIN-A5 ou superior.
- **Lenda:** *Prohibida a venda de tabaco aos menores de 18 anos / Prohibida la venta de tabaco a los menores de 18 años.*
- **Advertencia sanitaria:** a elección do titular do establecemento:
 - o *Fumar é causa de enfermidade e morte / Fumar es causa de enfermedad y muerte.*
 - o *Fumar prexudica a súa saúde e a das persoas que están ao seu redor / Fumar perjudica su salud y la de las personas que están a su alrededor.*
 - o *Deixar de fumar é beneficioso para a súa saúde e a dos que están ao seu redor / Dejar de fumar es beneficioso para su salud y la de los que están a su alrededor.*
- **Mención da norma legal:** L. 28/2005 (BOE nº 309, 26/12/2005) e normativa que a desenvolva.